



EXPEDIENTE: 2026/SUBCC/000008

Bases e convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións deportivas do Concello de Pontevedra para fomentar a práctica deportiva e a participación en competicións oficiais no ano 2026 (anual 2026)

1 Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrancia competitiva para fomentar a práctica deportiva a través da participación en competicións oficiais correspondente ao ámbito territorial das entidades deportivas do Concello de Pontevedra na tempada 2025/2026 ou 2026, para contribuír a consecución dun ou varios dos obxectivos previstos polo Concello de Pontevedra en canto ás actividades deportivas se refire segundo constan no plan estratéxico de subvencións do Concello de Pontevedra para o período 2026-2028.

A nova Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte, no seu artigo 2º declara a práctica de deporte como unha actividade esencial e un dereito de todos os cidadáns, polo que precisa dunha especial atención e protección polos poderes públicos. Así pois, o esforzo de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no deporte federado e máis necesario, se cabe.

De acordo cos obxectivos de solidariedade, mellora da calidade de vida, promoción e desenvolvemento da cultura física no municipio, e para facilitar a participación dos cidadáns nas competicións deportivas oficiais das modalidades deportivas existentes, o Concello de Pontevedra, a través do Servizo de Deportes, poderá conceder subvencións, previa solicitude e atendendo aos criterios de publicidade, concorrancia e obxectividade na concesión, sempre que exista consignación orzamentaria suficiente.

2 Réxime xurídico

A concesión destas axudas rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento (RLXS), nos seus preceptos básicos, pola lexislación básica do estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polas bases reguladoras contidas na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra (BOPPO, núm. 190 do 30.09.2004), polas presentes bases da convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3 Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria: as asociacións e entidades deportivas privadas, validamente constituídas, sen ánimo de lucro, e adaptadas ás disposicións da Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, que teñan o seu domicilio social no Concello de Pontevedra, que participen en competicións deportivas oficiais (entendendo por oficiais as competicións deportivas organizadas polas entidades federativas responsables das mesmas) e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Non poderán ser beneficiarios de subvencións:

- As sociedades anónimas deportivas ou outras entidades con ánimo de lucro.
- Entidades que na tempada 2025/26 ou 2026 tramitasen ao seu nome un número de licenzas de deportista inferior a 5.





- Aquelas entidades que non se atopen o corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Pontevedra.
- Aquelas entidades nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quedan excluídas desta convocatoria as seguintes actividades:

- 1 Aquelas actividades ou programas incluídos noutras convocatorias do Concello de Pontevedra.
- 2 Actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.

4 Crédito orzamentario

Para o financiamento destas subvencións destínase unha contía total máxima de 330.000,00 € que se imputará á aplicación orzamentaria 05.341-0-489.01 do orzamento para o ano 2026.

Ademais da contía total máxima indicada, se poderán conceder subvencións por unha contía adicional, sen necesidade dunha nova convocatoria, sempre que os créditos aos que resulte imputable non estean dispoñibles no momento da convocatoria e a súa dispoñibilidade se prevea en calquera momento anterior á resolución da concesión por un aumento derivado de calquera das causas que contempla o artigo 58.2 do regulamento da *Ley general de subvenciones* (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo), a efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias previstas no artigo 58 do regulamento e, no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención.

5 Solicitudes e documentación a achegar

As entidades deportivas interesadas en obter subvencións do Concello de Pontevedra deberán achegar a seguinte documentación:

5.1 Anexo I. Solicitud.

Comprende:

- Solicitud do importe da subvención.
- Solicitud, de ser o caso, do anticipo da subvención.

5.2 Anexo II. Declaración responsable.

Comprende:

- Que os datos dos modelos son certos e que a entidade cumpre coas obrigas das bases reguladoras e demais normativa reguladora das subvencións.
- As subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía.
- Que non ten pendente de xustificación, fóra de prazo, ningunha subvención co Concello de Pontevedra.
- Que cumpre coas obrigas do reintegro de subvencións.
- Que non incorre nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a do artigo 13.2 da citada Lei 38/2003.
- Que está ao corrente de pago das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria do Estado, coa Seguridade Social, coa Facenda da Xunta de Galicia, así como co Concello de Pontevedra. Que dispón da documentación que o acredita, e que a porá a





disposición do Concello cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das súas obrigas durante o tempo que dure o procedemento.

- Que se cumpre coas medidas esixibles de difusión do financiamento municipal da actividade ou proxecto subvencionable, conforme ao disposto na base 13 das que rexen a presente convocatoria
- Que se emprega a lingua galega nas publicacións, cartelería, publicidade e toda a produción escrita da actividade subvencionada, especialmente no caso das competicións e actividades de ámbito autonómico, provincial ou local.
- Que non sería posible a realización da actividade de non ser beneficiaria da subvención do Concello de Pontevedra
- Que dispón dos seguros obrigatorios mentres durou a actividade.
- Que dispón dos libros contables, do rexistro e de actas actualizados.
- No caso de entidades que traballan con menores, que a entidade dispón dos certificados de delitos de natureza sexual dos profesionais e voluntarios da entidade que traballan en contacto habitual con menores, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia.
- No caso das entidades deportivas que desenvolvan a súa actividade en contacto con persoas menores de idade, que ten aprobado o seu Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes fronte a violencia no deporte e ter á persoa designada como delegada de protección correctamente inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

5.3 Anexo III. Relación individualizada de desprazamentos financiados polo club.

Os desprazamentos a valorar para o cálculo da subvención serán aqueles que realice a entidade para participar nas competicións oficiais previstas nos calendarios federativos nas que estean debidamente inscritos, xa como equipo ou como deportista individual, e representen a entidade solicitante na competición.

Só se poderán incluír na relación individualizada de desprazamentos aqueles que sexan financiados directamente co orzamento xeral da entidade deportiva.

A relación de desprazamentos realizados conterá a seguinte información detallada por cada un dos desprazamentos: nome da competición, nome do equipo, data inicio, data fin, poboación e provincia de orixe e destino, núm. quilómetros ida/volta, medio de transporte e núm. de deportistas desprazados para cada un dos desprazamentos a competicións oficiais correspondentes á tempada 2025/2026 para os clubs que participen en competicións de tempada partida ou correspondentes a tempada 2026 para os clubs que participen en competicións de ano natural. **No caso de desprazar varios equipos da entidade o mesmo día e ao mesmo destino, deberán reflectir un único desprazamento e seleccionar “varios” no campo “equipo”.**

O Servizo de deportes poderá solicitar, na fase de instrución, o/os documento/s legais de xustificación do gasto que acredite que o desprazamento se realizou con cargo aos orzamentos da entidade que solicita a subvención, ou aquelas aclaracións que considere oportunas para determinar que o custe é a cargo da entidade deportiva.

Para o caso de que na fase de instrución se acredite a inclusión no anexo III de desprazamentos non financiados co orzamento xeral da entidade ou financiados por outra entidade distinta á solicitante, ademais de non ter en conta os desprazamentos indebidamente incluídos na relación





poderá dar lugar a redución do 20% de puntos do concepto avaliable de desprazamentos da táboa 1 do punto 7º das presentes bases.

5.4 Anexo IV. Orzamento de gastos e ingresos da entidade na referida tempada 2025/2026, e, no caso dos clubs que participen en competicións de ano natural, da tempada 2026.

Deberán achegar o anexo 4 debidamente cuberto que reflectirá o orzamento aprobado pola asemblea ou polo órgano de goberno correspondente para a súa aprobación.

5.5 Anexo V. Declaración do persoal profesional ao servizo da entidade

Comprenderá a relación do persoal laboral propio da entidade e conterá a seguinte información detallada por cada un dos traballadores: datos identificativos do traballador, posto de traballo, número de horas laborais anuais e titulación.

En ningún caso se terán en conta as relacións contractuais de carácter laboral con deportistas da entidade.

Para o caso de que se acredite, logo das actuacións de instrución, a inclusión indebida de persoal, a alteración substancial dos datos de horas anuais ou da titulación do persoal incluído na declaración do persoal profesional ao servizo da entidade, ademais de non ter en conta ao persoal inexistente ou cos datos alterados, poderá dar lugar a redución do 20% dos puntos obtidos pola entidade no concepto avaliable de fomento do emprego.

5.6 Anexo VI. Autorización de solicitude de certificados.

Comprenderá autorización para que o Concello de Pontevedra solicite á Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Tesourería Xeral da Seguridade Social, os datos relativos ao cumprimento, por parte da entidade solicitante, das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para comprobar os requisitos establecidos nos artigos 13.2.e) e 34.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276 do 18.11.2003), e nos artigos 22 e 23 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (BOE núm. 176 do 25 de xullo de 2006).

Porén, a entidade solicitante poderá denegar o consentimento, debendo achegar os certificados que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.7 Datos deportivos.

Os datos deportivos relativos á tempada 2025/2026 para clubs de tempada partida ou relativos ao ano 2026 para o caso dos clubs que participen en competicións de ano natural, deberán acreditarse a través dos correspondentes certificados federativos de:

- Número de licenzas federativas, indicando a categoría (Ex. Xuvenil, cadete etc) o tipo (EX. Deportista, adestrador, auxiliar...), o xénero e o custe total das mesmas.
- Equipos da entidade. Para cada equipo deberase definir o nivel da competición (Ex. 1ª Estatal, 2ª autonómica...) o nome oficial da competición, o xénero e categoría (Ex. Xuvenil, cadete...).
- Deportistas da entidade seleccionadas/os pola federación galega ou pola federación nacional correspondente, indicando a proba oficial na que participaron.

Para a acreditación dos datos deportivos da entidade deberán utilizar o modelo de certificación federativa que será posto a disposición no apartado de formularios relacionados do procedemento 204A da sede electrónica do Concello de Pontevedra. No caso de utilizar un modelo de certificación distinto este deberá conter, como mínimo, a totalidade dos datos requiridos no apartado datos deportivos.





5.8 Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)

5.9 Xustificante do seguro de responsabilidade civil. Certificado emitido pola entidade aseguradora, que acredite a cobertura da actividade subvencionada durante todo o período de desenvolvemento da mesma ou ben póliza do seguro de Responsabilidade Civil acompañado do xustificante de pagamento.

5.10 Deberán achegar, salvo que xa foran presentados con anterioridade no Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, os documentos que seguen:

- Fotocopia do número de identificación fiscal (NIF)
- Certificado de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- Os datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención debidamente certificada pola entidade bancaria.
- Xustificación documental do ano de fundación da entidade solicitante con copia da acta fundacional ou doutro documento oficial que constate a citada data.
- Estatutos da entidade actualizados conforme á Lei 3/2012, do deporte de Galicia.

O Concello de Pontevedra comprobará, de oficio a ausencia de débedas tributarias co Concello de Pontevedra e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, incorporando o xustificante ao expediente.

6 Presentación

A instancia de solicitude da subvención, xunto coa restante documentación, ten que presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra a través do procedemento 204A na sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal>), en cumprimento do disposto no artigo 14.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra da convocatoria da subvención, que será comunicada ao BOP Pontevedra pola Base de Datos Nacional de Subvenciones, nos termos e cos requisitos establecidos no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados nas presentes bases, requirirase ás entidades solicitantes para que no prazo de 10 días hábiles emenden as anomalías advertidas procedendo, no caso contrario, ao arquivo da solicitude.

7 Criterios para a concesión de subvencións e a súa ponderación

Os criterios de valoración para a determinación da subvención e fixación da súa contía, serán os que incluímos nas seguintes táboas.





Táboa 1. Puntuación de cada un dos criterios específicos

Concepto avaliable	Descrición do concepto	% orzamento asignado ao concepto	Puntuación		Valor punto
a) Antigüidade	Anos antigüidade da entidade	5,00 %	1 punto por ano de antigüidade		5% do orzamento entre o total de puntos do concepto avaliable
b) Número de licenzas federativas	Licenzas federativas tramitadas pola entidade na tempada subvencionada	30,00 %	Antes da aplicación da táboa as licenzas de base , as licenzas femininas e as de persoas con discapacidade multiplicaranse por 1,5		30% orzamento entre o total de puntos do concepto avaliable
			Núm. licenzas federativas	Puntos	
			0-10	1	
			11-20	2	
			21-30	3	
			31-40	4	
			41-50	5	
			51-75	6	
			76-100	7	
			101-125	8	
			126-150	9	
			151-175	10	
			176-200	12	
			201-225	14	
			226-250	16	
			251-275	18	
			276-300	20	
			301-325	22	
			326-350	25	
			>= 351	30	
c) Deportistas seleccionados	Seleccionados pola correspondente Federación deportiva galega ou española para representar a Galicia ou a España ben en campionatos de España ou ben en campionatos de Europa, mundiais, Xogos Olímpicos ou competicións de análoga natureza	5,00%	Selección	Puntos	5% do orzamento entre o total de puntos do concepto avaliable
			Galega	5	
			Española	20	
d) Desprazamentos	Desprazamentos para participar en competicións oficiais previstas en calendarios federativos nas que estean debidamente inscritos, xa como equipo ou como deportista individual, e representen a entidade solicitante na competición. Só desprazamentos financiados pola entidade	30,00%	A puntuación de cada solicitude resulta de multiplicar o total de kilómetros percorridos (TKP) pola suma dos valores ponderados dos deportistas desprazados a cada desprazamento (VPD) $TKP * (\sum VPD)$ O valor ponderado dos deportistas desprazados (VPD) en cada desprazamento calcúlase multiplicando os deportistas desprazados (D) polo resultado de dividir os kilómetros do desprazamento entre o total dos kilómetros percorridos (TKP): $VPD = D * \frac{KD}{TKP}$		30% do orzamento entre o total de puntos do concepto avaliable
e) Nivel deportivo	Categoría da competición deportiva oficial na que compiten os equipos da entidade	20,00%	En función da táboa núm. 2: Baremación do nivel deportivo da base 7		20% do orzamento entre o total de puntos do concepto avaliable
f) Fomento do emprego	Persoal laboral da entidade para a realización da actividade subvencionada e cualificación do mesmo	10,00%	A puntuación determinarase polo total de horas anuais traballadas polo persoal laboral propio da entidade. O número de horas anuais de cada traballador multiplicaranse polo coeficiente de formación en función do seguinte: - Monitor deportivo e outros postos: 1 - Profesionais técnicos da actividade física e do deporte (ensinanzas deportivas de réxime especial, técnico formación profesional, ou equivalente): 1,25 - Titulacións deportivas universitarias: 1,5		10% do orzamento entre o total de puntos do concepto avaliable





Táboa nº2: Baremación do nivel deportivo																		
Deporte categoría non de base																		Dep. Base
			Baloncesto		Balonmano		Fútbol		Fútbol Sala		Tenis Mesa		Voleibol		Waterpolo/otros 1		Outros 2	Base
Ptos	categ	part	masc	fem	masc	fem	masc	fem	masc	fem	masc	fem	masc	fem	masc	fem	mas/fem	mas/fem
100	NAC	estatal	ACB	LF1	DH	DH	1ª Div	1ª div	1ª div	1ª div								
90	NAC	estatal	LEB oro	LFC	DHB	DHB	2ª Div	2ª div	2ª div									
80	NAC	estatal	LEB plata	LF2			1ª RFEF						SL	SL	DH	DH		
50	NAC	estatal	EBA						2ª div B	2ª div	SD	SD	SL2	SL2				1ª Nac
30	NAC	confed	1ª div	1ªdiv	1ªNac						DH	DH					1ª div	2ª Nac
25	Nac	auton					2ª RFEF						1ªNac	1ªNac	1ª div	1ª div	2ª div	
20	Nac	auton									1ªNac	1ªNac			2ª div		CE	Cto España
15	AUT	auton	1ª aut	1ª aut	1ª aut	1ª aut	3ª RFEF	1ª aut	3ª div		2ª Div							
10	AUT	auton	2ª aut	2ª aut	2ª aut		Preferente	2ª aut	Pref	1ª aut			1ª aut	1ª aut	1ª aut		1ª aut	Cto Gall/1ª aut
5	AUT	auton					1ª Galicia		1ª gall	1ª gall	2ª aut	2ª Div	2ª aut	2ª aut	2ª aut	1ª aut	2ª aut/CG	2ºaut
2	AUT	prov					2ª Galicia											3ªaut
1	LOC	outros	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras	outras

Base:

- Participación en Campionato de España cando, previamente, se tivese que clasificar nun Campionato Galego ou Liga Galega, e a competición sexa de clubes. En caso contrario se valorará como Campionato Galego
- 1ª nac e 2ª nac será para clubes con equipos de base en ligas regulares de categoría nacional e ámbito nacional, que teñan, polo menos, 8 equipos de fora da CCAA no seu grupo, e que a competición se desenvolva a dobre volta. En caso contrario puntuarase como Campionato de España.
- Os equipos que se valorarán no apartado de deporte de base, serán os das categorías deportivas establecidas pola idade: xuvenil, cadete e infantil ou similares (≥ 12 e ≤ 18)

Senior:

- Outros 1: deportes con competición regular de, alomenos, 2 categorías nacionais e 2 autonómicas, con ligas a dobre volta de, mínimo 8 equipos.
- Outros 2: deportes con competición nacional en fase concentración ou ligas de menos de 8 equipos por grupo. As competicións en fase concentración, se valorará sempre que para participar nunha fase se teña que ter superado a inmediatamente inferior, e a participación sexa en condición de equipo e non como deportista individual.
- Os equipos que participen en deportes de categoría senior non contemplados na táboa anterior se clasificarán en función da súa similitude coas 8 posibilidades propostas, establecéndose criterios de gradación en función do número de deportistas que participen nas competicións.

Keral:

Se valorará o equipo da máxima categoría deportiva masculino e o da máxima categoría feminina de cada entidade deportiva. Agás nos seguintes casos:

- Cando a entidade deportiva desenvolva a súa actividade deportiva federada, exclusivamente, no ámbito do deporte feminino, poderanse valorar ata un máximo de dous equipos.
- Cando se valoren equipos de deporte base de calquera entidade deportiva, se poderán valorar ata dous (2) equipos masculinos e dous (2) equipos femininos por cada unha das categorías de idade.
- En aquelas entidades deportivas que se valoren mais dun equipo por categoría, non se terán en conta os equipos que estén compostos por mais do 40% de deportistas doutro dos equipos do clube. Exemplo: Equipo A con 10 deportistas e equipo B con 5 deportistas+5 xogadores do equipo A- Non se valorará o equipo B).

8 Instrución

A instrución do procedemento correspóndelle á dirección do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra que realizará, de oficio, cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución.

Fases:

- 1 A persoa instrutora avaliará as solicitudes presentadas en tempo e forma e emitirá unha primeira avaliación segundo os criterios e ponderacións da base 6ª.
- 2 A comisión de avaliación, a vista da avaliación da persoa instrutora, emitirá un informe no que concrete o resultado da avaliación.
- 3 A persoa instrutora, consonte o informe final da comisión de avaliación, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, e a notificará, mediante o Taboleiro de Anuncios e Edictos da sede electrónica do Concello de Pontevedra. Os interesados disporán dun prazo de 10 días para presentar alegacións.
- 4 Tras examinar as posibles alegacións, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución definitiva, na que indicará os solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a contía das subvencións concedidas, así como a especificación da avaliación dos criterios de valoración seguidos.

A persoa instrutora engadirá ao expediente un informe no que conste que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

A resolución provisional e a proposta de resolución definitiva non crean dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á administración mentres non se notifique a resolución da concesión.

9 Comisión de avaliación

A comisión de avaliación terá como función a emisión do informe no que concrete o resultado da avaliación realizada pola persoa instrutora e terá a seguinte composición:





- 1 Presidencia: Concelleiro/a de deportes do Concello de Pontevedra.
- 2 Secretario: A persoa titular da dirección do Servizo de Deportes, con voz pero sen voto.
- 3 Vogais:
 - A técnico de deportes do servizo.
 - Un/ha funcionaria/o do servizo de deportes que ocupe a praza de administrativa/o.
 - Un/ha xefe/a de servizo a designar pola presidencia.

10 Contía e límite das subvencións

A subvención non poderá exceder do 50% do orzamento da entidade deportiva por participar en competicións deportivas oficiais, incluíndo no cálculo todas as subvencións percibidas polo beneficiario para a mesma finalidade.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das contribucións complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva alcance, como máximo, a diferenza entre os ingresos e gastos reais da actividade.

A contía da subvención determinarase en función do custo total da actividade pola participación nas distintas competicións deportivas oficiais dos equipos da entidade, derivada da aplicación dos criterios e a súa ponderación segundo o disposto na base 6ª, e do cumprimento dos límites dispostos nos parágrafos anteriores.

Se unha vez aplicados os criterios para a concesión da subvención, e tendo en conta o disposto nos parágrafos anteriores, existe saldo dispoñible da contía total máxima disposta na base 3ª, este saldo poderase repartir, de xeito proporcional, entre os beneficiarios que non incumpran ningún dos límites dispostos nesta base.

11 Resolución

A Xunta de goberno do Concello de Pontevedra, tendo en conta a proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento. A resolución será motivada e conterà, de xeito expreso, a desestimación das solicitudes que non acaden subvención.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, computándose o prazo dende a convocatoria.

O vencemento do prazo sen ter notificado a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución da convocatoria será publicada no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Pontevedra. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

12 Medio de publicidade das bases e das subvencións

As bases da convocatoria e o acordo de concesión das subvencións serán publicados na Base de datos Nacional de Subvenciones, como sistema nacional de publicidade das subvencións, segundo o previsto no artigo 20 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.





Asemade, aos efectos do previsto no artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, publicarase no taboleiro de anuncios e no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra as subvencións concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade, e beneficiarios.

13 Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación do outorgamento, non manifesta nada en contra.

As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas. Do mesmo xeito someterase as actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello de Pontevedra cos medios que estime oportunos e facilitará tanta información sexa requirida pola Intervención xeral do Concello de Pontevedra e o Consello de Contas de Galicia, de ser o caso.

As entidades beneficiarias comprométense:

- A facer uso da lingua galega nas publicacións, carteis, publicidade e toda a produción escrita da actividade subvencionada. Asemade, valorarase como criterio a ter en conta que as actividades realizadas contribúan a normalizar o uso oral da lingua galega.
- A utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.
- No caso de entidades que traballan con menores, a dispor dos certificados de delitos de natureza sexual dos profesionais e voluntarios da entidade que traballan en contacto habitual con menores, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia.
- No caso das entidades deportivas que desenvolvan a súa actividade en contacto con persoas menores de idade, a ter aprobado o seu Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes fronte a violencia no deporte e ter á persoa designada como delegada de protección correctamente inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

14 Obrigas de publicidade do beneficiario

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a dar difusión á colaboración económica do Concello de Pontevedra nalgún dos medios habituais que difundan a actividade ou programa subvencionado: material gráfico e audiovisual, web, redes sociais etc.

O incumprimento da obriga especificada no parágrafo primeiro suporá a perda do dereito ao cobro da subvención.

15 Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen, coma regra xeral, ao longo do período subvencionado. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non serán subvencionables os gastos de capital (elementos inventariables) e os gastos correntes non relacionados directamente coa actividade subvencionada, así como os seguintes:

- Intereses debedores en conta bancaria.
- Intereses, recargo e sancións administrativas ou penais.
- Gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos indirectos, sempre que sexan susceptibles de recuperar ou bonificados.





16 Subcontratación

Enténdese que existe subcontratación cando unha entidade beneficiaria concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención.

Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

A porcentaxe máxima permitida para a subcontratación poderá ser do 50% do importe da actividade subvencionada.

A subcontratación por riba do límite cuantitativo establecido no parágrafo anterior (50%) suporá unha minoración do dereito ao cobro da subvención que será proporcional ao exceso subcontratado. Esta dedución acumularase a outras que, de ser o caso, se puidieran aplicar.

17 Pago anticipado e pago a conta

A entidade deportiva beneficiaria poderá solicitar por escrito o anticipo do 30% da cantidade subvencionada para sufragar gastos inaprazables e imprescindibles para o desenvolvemento da actividade.

Poderá realizarse un pago a conta, que suporá a realización dun pago fraccionado que responderán ao ritmo de execución da actividade subvencionada, aboándose por contía equivalente á xustificación achegada e con carácter mínimo semestral.

Non poderán obter o pago anticipado nin o pago a conta aqueles beneficiarios que teñan no seu poder fondos pendentes de xustificación logo do cumprimento do prazo de xustificación pola mesma ou distinta subvención.

En todo caso, para poder ser beneficiario do pago anticipado ou do pago a conta deberase acreditar que se atopa o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Facenda da Xunta e coa Seguridade Social.

O pagamento do anticipo ou de pago a conta realizarase mediante ingreso na conta bancaria indicada polo beneficiario.

18 Xustificación

As subvencións concedidas neste programa deberán estar xustificadas no prazo de trinta (30) días naturais dende o remate do período subvencionado. No caso de que a resolución definitiva da convocatoria sexa posterior ao remate do período subvencionado, o prazo será de trinta (30) días naturais dende a data de notificación da resolución da convocatoria.

As entidades deportivas beneficiarias da presente subvención deberán achegar a conta xustificativa a través do procedemento 204B da sede electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal>), sendo o contido da documentación a seguinte:

1 Anexo I. Solicitude de pagamento de subvención

2 Anexo II. Declaración responsable do presidente da entidade

Comprenderá:

- Que os datos dos modelos son certos e que a entidade cumpre coas obrigas das bases reguladoras e demais normativa reguladora das subvencións.
- As subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía.
- Que non ten pendente de xustificación, fóra de prazo, ningunha subvención co Concello de Pontevedra.
- Que cumpre coas obrigas do reintegro de subvencións.





- Que non incorre nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a do artigo 13.2 da citada Lei 38/2003.
- Que está ao corrente de pago das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria do Estado, coa Seguridade Social, coa Facenda da Xunta de Galicia, así como co Concello de Pontevedra. Que dispón da documentación que o acredita, e que a porá a disposición do Concello cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das súas obrigas durante o tempo que dure o procedemento.
- Que os documentos contables que finalmente sexan imputados a xustificación da presente subvención non serán utilizados para xustificar ningunha outra subvención pública.

3 Memoria detallada da participación, da entidade beneficiaria, en competicións deportivas oficiais durante o período subvencionado.

4 Xustificación documental que acredite a participación do Concello de Pontevedra no financiamento da actividade subvencionada.

5 Anexo III. Balance de gastos e ingresos.

Comprenderá:

- Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada.
- Relación desagregada de cada un dos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvencións, patrocinios, e outros) acreditando o seu importe, procedencia e aplicación á actividade subvencionada.

6 Anexo IV. Relación de documentos contables para a xustificación da subvención.

Comprenderá a declaración responsable do/a presidente/a da entidade de que os datos económicos que se consignan son fiel reflexo dos rexistros contables da entidade á que representa e que os xustificantes legais que achegan para a xustificación da subvención foron aplicados á actividade subvencionada.

Deberán achegar documentos legais de xustificación de gastos por importe, como mínimo, do dobre da subvención concedida. Estes documentos poderán ser facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas, relación nominal de traballadores co correspondente xustificante de pagamento, cartas de pagamento oficiais,).

Con independencia da obriga sinalada no parágrafo anterior e só para o caso de figurar no balance de gastos da actividade, terase que achegar algún documento de xustificación de gasto de cada un dos seguintes conceptos:

- Desprazamentos.
- Licenzas federativas.
- Arbitraxes.
- Seguros.
- Gastos de persoal.

7 Anexo V. Autorización de solicitude de certificados.

Comprenderá autorización para que o Concello de Pontevedra solicite á Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Tesourería Xeral da Seguridade Social, os datos relativos ao cumprimento, por parte da entidade solicitante, das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para comprobar os requisitos establecidos nos artigos 13.2.e) e 34.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276 do 18.11.2003), e nos artigos 22 e 23 do Real





decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (BOE núm. 176 do 25 de xullo de 2006).

Porén, a entidade solicitante poderá denegar o consentimento, debendo achegar os certificados que acrediten que a entidade solicitante se atopa o corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8 Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).

Transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen ter achegado a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de 15 días achegue a xustificación. A falta de presentación da mesma neste prazo levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas nos artigos 36 e 37 da Lei Xeral de Subvencións e 32 e 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado dará lugar automaticamente á perda do 50% da contía concedida.

A falta de presentación da documentación xustificativa nos prazos dos requirimentos producirá a perda total do dereito ao cobro.

19 Requisitos dos documentos legais de xustificación do gasto

Os documentos que se acheguen como xustificantes da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

- As facturas deberán corresponder ao período subvencionado, sen que en ningún caso poida superar un período de doce meses.
- As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición nas bases de execución do Orzamento do Concello de Pontevedra e no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deben conter o selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pagamento.
- Segundo o artigo 7.1 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude na súa redacción dada pola Lei 11/2021, de 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal, de transposición da Directiva (UE) 2016/1164, do Consello, de 12 de xullo de 2016, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo. (BOE núm. 164, de 10 de xullo de 2021) non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que, o pagamento destas operacións deberá de realizarse pola beneficiaria por algún medio de pago distinto ao efectivo, debendo conservar os xustificantes do pagamento, durante un prazo de cinco anos dende a data da súa realización, aos efectos de acreditar a realidade do mesmo.

Permitirase a xustificación documental do pagamento no prazo de dez días dende o aboamento da subvención pola Tesourería do Concello de Pontevedra.

No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento a persoas físicas que prestan servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do IRPF nos límites e coas excepcións da lexislación aplicable. Os pagamentos a persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificárase a través da nómina correspondente, acompañada da relación nominal de traballadores, xunto co xustificante de pagamento e xustificación de ter ingresado a retención do IRPF.





Consonte ao disposto no terceiro parágrafo do apartado c) do segundo punto do artigo 19 da Ordenanza Xeral reguladora de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos (BOPPO, número 190 do 30 de setembro de 2004), en ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio aos simples “recibís”.

Non serán subvencionables os gastos de capital (elementos inventariables) e os gastos correntes non relacionados directamente coa actividade subvencionada.

20 Relacións laborais entidade subvencionada

As relacións laborais entre a entidade subvencionada e o persoal contratado pola mesma, serán responsabilidade única e exclusiva da entidade beneficiaria da subvención. En ningún caso esta subvención conleva unha relación laboral entre as persoas contratadas polas entidades deportivas beneficiarias e o Concello de Pontevedra.

21 Comprobación de subvencións

A comprobación das subvencións corresponderalle a dirección do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, que emitirá un informe que acredite a axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención. Este informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

22 Pagamento da subvención

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, unha vez presentada a xustificación correctamente, salvo no caso do pago anticipado.

23 Devolución voluntaria da subvención.

A persoa beneficiaria poderá devolver voluntariamente, sen previo requirimento do Concello, a subvención recibida, presentado o formulario facilitado polo servizo xestor. De acordo co establecido no artigo 90 do RLXS, o importe da devolución incluírá os xuros de mora previstos no artigo 34 da LXS, ata o momento no que se produciu a devolución efectiva por parte da beneficiaria.

24 Reintegro de subvencións

Nos casos previstos no artigo 23 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións no Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos (BOP 190, de 30 de setembro de 2004) o Concello de Pontevedra esixirá ás persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da mesma o reintegro das cantidades correspondentes, de acordo co procedemento establecido no artigo 26 da mesma norma.

25 Interpretación

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta polo Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

26 Procedemento sancionador

Para o procedemento sancionador estarase ao disposto no título IV (“infraccións e sancións administrativas en materia de subvenciones”) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Título II da Ordenanza xeral de subvencións do Concello e dos seus organismos autónomos, (BOP 190, de 30 de setembro de 2004).

27 Recursos

Contra a aprobación das presentes bases, que pon fin a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa





notificación, ao abeiro do establecido no art. 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme o disposto nos art. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, do 3 de xuño da xurisdición contencioso - administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o art. 124.2 da citada Lei 39/2015, na que se entende desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no art. 24, da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer un recurso contencioso -administrativo dentro do prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao que se debe entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de conformidade co establecido no art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedentes de acordo co dereito.

28 Protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Pontevedra ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679- RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Pontevedra no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As solicitantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Pontevedra). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

